



Concello do Porriño

TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 17-06-2022

Data final de exposición: 08-07-2022

O Porriño, a de de

## CONVOCATORIA E BASES DA SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A TEMPO PARCIAL, DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) PARA O ANO 2022

### PRIMEIRA.- OBXECTO

De conformidade coa convocatoria e bases reguladoras da concesión, execución e xustificación de subvencións con cargo á Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) para o ano 2022 (DOG núm. 21, do 01-02-2022), co Decreto da Alcaldía de data 09-02-2022, e a resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 02-06-2022 polo que se concede unha subvención para a selección e contratación laboral temporal de duración determinada, durante un período de 9 meses, a xornada parcial de 28 horas e 8 minutos semanais (75% da xornada), de dez persoas (2 Operarios de mantemento de instalacións deportivas, 3 Peóns de obras públicas, 3 peóns forestais e 2 Conserxes) para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social que responden a necesidades urxentes e inaprazables, utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

En consecuencia redáctanse as presentes bases que teñen por obxecto regular a **urxente selección definitiva** dos/as citados/as traballadores/as de entre as persoas perceptoras de RISGA e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas e que figuren na relación de candidatos/as preseleccionados/as que remita a oficina pública de Emprego do Porriño por mor da oferta específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da Risga presentada por este Concello, no modelo normalizado para efecto, e posterior contratación dos definitivamente seleccionados/as a fin de realizar o servizo de "Acondicionamento e vixianza do espazo público 2022" descrito na solicitude de subvención ao abeiro da citada orde da Consellería de Emprego e Igualdade.

### SEGUNDA.- LÍMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA

De conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto e no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo:

Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos/as automaticamente da mesma:

-As persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses foran contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a





Concello do Porriño

totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de dezaioito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción (*que non sexan contratos formativos, de relevo ou interinidade*), sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada.

Quedarán excluído do cómputo do prazo indicado e do período de vinte e catro meses a que se refiren o apartado anterior, o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012, existise ou non prestación de servizos polo traballador entre ditas datas, computándose en todo caso aos efectos do indicado en dito artigo os períodos de servizos transcorridos, respectivamente, con anterioridade ou posterioridade ás mesmas.

O disposto nesta base será de aplicación aos contratos de traballo suscritos a partir da entrada en vigor do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro.

Respecto aos contratos suscritos con anterioridade, para os efectos do cómputo do número de contratos, o período e prazo previsto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores apartado primeiro desta base tomarase en consideración só o contrato vixente a citada entrada en vigor.

### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**

Para tomar parte nesta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

#### **A) NACIONALIDADE**

Ser español/a. (*Acreditarase mediante fotocopia do DNI*).

Os/as nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós/cás españois aos empregos públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. (*Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todos/as aspirantes, mediante fotocopia da tarxeta en vigor acreditativa, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe*).

#### **B) DESEMPREGADO/A INSCRITO/A NO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA COMO DEMANDANTE NON OCUPADO E QUE ESTEA DISPOÑIBLE PARA O EMPREGO.**

Ser persoa desempregada, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estea dispoñible para o emprego. (*Este requisito quedará cumprido se o aspirante figura na*





Concello do Porriño

*relación de candidatos/as que deberá remitir a Oficina Pública de Emprego do Porriño por mor da correspondente oferta que lle presente este Concello no modelo normalizado para o efecto).*

#### C) PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA.

*Ser persoa titular perceptora de RISGA. (Este requisito quedará cumprido se o aspirante figura na relación de candidatos/as que deberá remitir a Oficina Pública de Emprego do Porriño por mor da correspondente oferta que lle presente este Concello no modelo normalizado para o efecto).*

#### D) IDADE

*Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. (Acreditarase de igual forma que o apartado a).*

#### E) TITULACIÓN

*Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo aos/ás aspirantes a ser seleccionados/as e contratados/as.*

#### F) CAPACIDADE FUNCIONAL.

*Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do contrato obxecto destas bases. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado).*

#### G) NON HABER SIDO SEPARADO OU INHABILITADO.

*Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Grupo Mixto).*

#### H) NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCAPACIDADE OU INCOMPATIBILIDADE

*Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o*





Concello do Porriño

*solicítase o Grupo Mixto).*

#### I) NON ESTAR COMPRENDIDO EN CAUSA DE ENCADEAMENTO DE CONTRATOS TEMPORAIS

Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a que se refire a base segunda de exclusión automática desta convocatoria. *(Acreditarase coa presentación do orixinal ou fotocopia compulsada da **certificación ou informe de vida laboral expedida no mes de xuño de 2022** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e do orixinal da declaración de responsabilidade do interesado/a de non estar comprendido en causa encadeamento de contratos temporais).*

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e consévalos, polo menos, ata ao momento de formalización do devandito contrato de traballo temporal.

#### **CUARTA.- SOLICITUDES.**

Os/as candidatos/as desempregados, preseleccionados/as pola Oficina de Emprego do Porriño, segundo o artigo 14 da Orde de 1 de febreiro de 2022, interesados en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde do Concello do Porriño, que presentarán no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, á que xuntarán inescusablemente a documentación requirida nestas bases.

O prazo de presentación será de **2 días hábiles** contados desde o día seguinte ao de publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaría, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

**A solicitude poderá presentarse nos correspondentes modelos que se acompañan como ANEXO destas bases ou na forma que determina o art. 66 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas,** e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e á contratación que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas.

Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegaran inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados.

Remitirase unha fotocopia das bases á Oficina de Emprego do Porriño da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ó Centro de emprego municipal deste Concello.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o Alcalde ditará





resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, e se designará o tribunal do proceso selectivo. A resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaría, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

Para o caso de que houbera aspirantes excluídos ou omitidos na devandita lista, estes disporán dun prazo de **1 día hábil** contado a partir do seguinte ó da publicación da citada resolución aprobatoria da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para emendar, de ser o caso, os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. Os/as aspirantes que dentro do prazo indicado non emenden tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, ou no caso de non haber aspirantes excluídos/as ou omitidos/as, o Alcalde ditará nova resolución pola que aprobará a lista, definitiva de aspirantes admitidos/as, e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da valoración dos méritos. Esta resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, no que tamén se publicará a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, se as houbese, sen prexuízo da súa publicación na páxina web [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), de forma complementaria.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

#### **QUINTA.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.**

De conformidade co disposto no artigo 13 da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 21, do 01-02-2022) a selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade, do Concello do Porriño que designe o Alcalde e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O Grupo mixto publicará a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.





A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos Grupo Mixto será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do Grupo Mixto cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do Grupo Mixto deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do Grupo Mixto cando, ao seu xuízo, conorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todos os membros do Grupo Mixto terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O Grupo Mixto resolverá cantas dúbidas poidan exporse para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do Grupo Mixto só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Grupo Mixto de selección poderá incorporar asesores especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

#### **SEXTA: SISTEMA DE SELECCIÓN**

O sistema de selección será o **concurso**.

**O concurso consistirá na valoración dos méritos** debidamente aportados coas instancias e debidamente acreditados polos/as aspirantes admitidos/as. Se algún documento que fóra necesario para acreditar algún mérito non fose posible obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes indicado na base 4ª, poderá aportarse ata o momento de avaliación dos méritos polo tribunal.

O concurso, de conformidade co establecido na citada Orde do 7 de xaneiro de 2022, consistirá na valoración dos méritos debidamente acreditados coas solicitudes polos/as aspirantes admitidos/as e segundo o seguinte **BAREMO**





Concello do Porriño

que será acumulativo:

**a) Por cargas familiares: Este apartado valorarase cun máximo de 2,00 puntos do seguinte xeito:**

<b>CARGAS FAMILIARES EN 1º GRAO DE PARENTESCO</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
Por familia monoparental	0,50
Por fillo/a menor de 18 anos e menores en acollemento	0,50
Por cada convivinte con discapacidade igual ou superior ao 33%	0,50
Por título de familia numerosa	0,40
Por título de familia numerosa especial	0,60

*Acreditarase mediante orixinal ou fotocopia do libro de familia ou documento equivalente, orixinal ou fotocopia da resolución de acollemento e certificado ou volante de convivencia expedido polo Concello no mes de xuño de 2022, podendo presentar amais calquera outra documentación oficial que acredite a existencia de tales circunstancias.*

*No caso de convivinte con discapacidade deberá xustificarse achegando orixinal ou fotocopia do certificado do organismo oficial competente que acredite a mesma e a súa porcentaxe.*

*No caso de familia numerosa, achegarase orixinal ou fotocopia do título de familia numerosa en vigor.*

**b) Por ser maior de 45 anos: 0,50 puntos.** (Acreditarase mediante fotocopia do DNI, pasaporte ou outro documento equivalente vixente que acredite a idade).

**c) Por ter asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: 0,50 puntos.**

**d) Por ser parado de longa duración: ata 1 punto.**

- Antigüidade superior a 12 meses: 0,50 puntos.
- Por cada 3 meses a partir dos 12 meses: 0,10 puntos cada 3 meses (ata un máximo de 0,50 puntos).

*Acreditarase mediante orixinal ou fotocopia de certificado de períodos de inscrición emitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia.*

**e) Pola antigüidade de ser perceptor/a de Risga. Este apartado valorarase cun máximo de 1,00 punto, do seguinte xeito:**

- Por cada 12 meses de antigüidade: 0,15 puntos cada 12 meses (ata un





Concello do Porriño

máximo de 1,00 punto).

### **SÉTIMA: CUALIFICACIÓN**

Realizada a valoración do concurso, o Grupo Mixto coas puntuacións obtidas elaborará cadansúa lista cos aspirantes por orde de puntuación obtida pola media aritmética das puntuacións obtidas na fase de concurso para cada contratación e formulará ó Sr. Alcalde cadansúa proposta de contratación cos/as aspirantes que obteñan as maiores puntuacións.

No caso de empate na puntuación final entre dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que acadara a maior puntuación segundo a orde que se establece no cadro seguinte:

ORDE PARA O DESEMPATE	MAIOR PUNTUACIÓN OBTIDA	
	APARTADOS	CIRCUNSTACIAS PERSOAIS E/OU FAMILIARES
1º	a)	Por cargas familiares
2º	b)	Por ser maior de 45 anos
3º	c)	Por ter asociado un proxecto de inserción laboral

No caso de que persista o empate, resolverase por sorteo.

Se algún documento que fora necesario para acreditar algún mérito non fose posible obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes indicado na base 4ª, poderá aportarse ata o momento de avaliación dos méritos polo tribunal.

As puntuacións e propostas do Grupo Mixto faranse públicas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaría, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

### **OITAVA: FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A Alcaldía á vista das propostas do Grupo Mixto e unha vez xustificadas os requisitos esixidos, resolverá.

Os/As aspirantes propostos/as, ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas bases, deberán xustificar, durante o período de proba contractual, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública no impreso oficial da devandita entidade.







En cadanseu contrato deberá constar a declaración xurada do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ó persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que as persoas propostas non se presenten a formalizar os correspondentes contratos, non os puideran formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizados foran extinguidos ou suspendidos por causas legais, ou para outros supostos en que os contratados non puideran cumprir o contrato, antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a Alcaldesa, órgano competente da entidade beneficiaria, poderá contratar a outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que falte para que remate o período de subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

**NOVENA.- INCIDENCIAS**

O órgano de selección resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do órgano de selección poderán interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**ANEXO (MODELO DE SOLICITUDE)**

MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE **PERSOAL**, A TEMPO PARCIAL, PARA A EXECUCIÓN DO SERVIZO: "**ACONDICIONAMENTO E VIXIANZA DO ESPAZO PÚBLICO 2022**". (Ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) para o ano 2022 (DOG núm. 21, do 01-02-2022).

D./Dna.			
DNI núm.		e con domicilio en :	
Código postal		Concello	
Teléfono		, ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,	





**EXPÓN E DECLARA EXPRESAMENTE:**

a) Que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo, por concurso, para contratacións laboral temporal de persoal, a xornada parcial de 28 horas e 8 minutos semanais, durante un período de 9 meses, mediante a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballo de interese social para a realización do servizo indicado.

b) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria que rexen o citado proceso de selección.

c) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta para os que non teñan nacionalidade española.
- Declaracións de responsabilidade de cumprir os requisitos sinalados na base **3ª**, apartados **F), G), H), e I)**.
- Orixinal ou fotocopia da **certificación ou informe de vida laboral expedida en xuño de 2022** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Documentación xustificativa dos méritos que aleguen acreditados conforme se establece na **base sexta** das Bases que rexen o proceso selectivo.

Por todo o exposto,

SOLICITA: Ser admitido/a ó devandito procedemento de selección de:

**2 OPERARIOS DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**

**3 PEÓNS DE OBRA PÚBLICA.**

**3 PEÓNS FORESTAIS.**

**2 CONSERXES.**

O Porriño, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asinado/firmado.: .....

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE**



Cod. Validación: 3MBWCDZ3LWHS6G2CW2R3FQW | Corrección: https://oporriño.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma .xestiona.esPublico | Páxina 10 a 10